

Feijóo avalía xunto ao presidente Macri as posibilidades económicas que se abren para Galicia coas reformas que afronta Arxentina

O presidente tende novas pontes institucionais, económicas e culturais para afortalar a relación entre Galicia e Arxentina e Uruguai

Feijóo empredeu esta semana unha viaxe institucional a Arxentina e Uruguai de catro días. No primeiro destes países, Feijóo avaliou co presidente Mauricio Macri as novas posibilidades económicas que se abren en Arxentina e agardou que as reformas que se están a levar a cabo doten de seguridade e estabilidade ao país.

O titular da Xunta destacou tras a xuntanza os obxectivos da folla de ruta do presidente arxentino, centrada en modernizar a economía e querer dar seguridade e estabilidade: “Estamos a falar de baixar a inflación do país, controlar o déficit público e de mellorar as infraestruturas e os servizos públicos”, explicou, incidindo en que “Arxentina é un gran país con grandes posibilidades”.

Feijóo quixo destacar tamén a importancia do encontro desde o punto de vista institucional, “xa que o presidente de Arxentina –precisou- non é so o presidente do país, senón que é o presidente dos máis de 170.000 galegos que viven aquí e que forman parte da sociedade arxentina”.

En segundo lugar, e no eido económico, salientou que Arxentina é un dos doce países aos que máis exportan as empresas galegas “e é tamén a quinta economía de América, con enormes capacidades”.

Feijóo agradeceu a acollida do presidente arxentino e expresou a disposición de Galicia para axudar ao país, “na medida das nosas posibilidades”, na súa modernización e para contribuír a dar seguridade á xente que queira investir.

“Para nós é importante que Arxentina conte con Galicia como porta de

entrada a España e a Europa”, abundou, facendo fincapé no interese do mandatario arxentino por modernizar o país, por comprometerse coa economía produtiva e por chamar aos investimentos e a seguridade.

AXENDA

Durante a súa viaxe de catro días, o presidente representará a Galicia na Feria del Libro de Buenos Aires onde Santiago de Compostela é a cidade invitada na edición deste ano.

En Uruguai ofrecerá unha conferencia na Cámara Española de Comercio dese país, onde tamén será recibido polo presidente da República, Tabaré Vázquez.

En ambos países aproveitará para visitar á comundiade galega.